

## TUTORIAL PARA CONFECCIONAR ENVOLTORIOS MEMORIAL INFANCIA ACAMPA

1.- Cortar a tea en dous tamaños diferentes para confeccionar envoltorios de varios tamaños: Un de **170 x 70** cm e outro de **130 x 70** cm.

Se podeses realizar máis de un envoltorio facede un de cada tamaño.




2.- Para continuar, tede á man os materiais necesarios:

Cola branca

Auga

Brocha


Recipiente para mesturar



3.- Bólas de papel.



4.- Tiras de tea ou de cordel branco de 60 cm aproximadamente.



5.- Preparede unha mestura de cola branca e auga, nunha proporción aproximada de 100 cm<sup>3</sup> de cola x 30 cm<sup>3</sup> de auga e mesturala.



6.- Pintade as follas de papel coa mestura de cola e auga.



7.- Colocade dúas dobres páxinas dun xornal sobre a tea estirada.



8.- Colocade as bólas de papel sobre as follas do xornal.



9.- Colocade unha dobre folla de xornal sobre as bólas de papel.



10.- Cubride as bólas de papel con outra dobre folla de xornal.



11.- Pintade coa mestura de cola e auga as follas do xornal que cobren as bólas de papel.



12.- A continuación, dádelle forma ao conxunto do paquete de papel.



13.- Pintade un pouco máis coa mestura de cola e auga.



14.- Deixade secar 10 ou 15 minutos.



15.- Tapade o paquete coa metade da tea.



16.- Encartade un lado e outro.



17.- Coas cintas ou o cordón branco, atade os extremos e o centro do envoltorio.



18.- Unha vez feitos, anotate no documento en liña ([nesta ligazón](#)) os envoltorios de cada tamaño que teñades rematados e contactade con nós para xestionar o traslado e almacenamento nos seguintes números:

640 116 890 (Hortensia)

648 143 958 (Roi)

**Moitas grazas pola túa colaboración 😊**